

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **DEZ DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **RECLAMACION de pago do servizo de “Canguraxe” entre Setembro 2015 e Agosto 2017. MAIS ESCOLA XXI S.L. 13.800 €. (Rexistro 12 decembro n ° 5080) Reiteración/Ampliación da presentada en Maio (Rexistro N° 2288 de 23 de Maio)**
- 3º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 4º.- **URBANISMO.**
- 5º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 6º.- **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
- 7º.- **EXPT. 38/2019. APROBACIÓN DE PLIEGOS. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019).**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 20 de Decembro de 2018

2º.- **RECLAMACION de pago do servizo de “Canguraxe” entre Setembro 2015 e Agosto 2017. MAIS ESCOLA XXI S.L. 13.800 €. (Rexistro 12 decembro n ° 5080) Reiteración/Ampliación da presentada en Maio (Rexistro N° 2288 de 23 de Maio).**

VISTA a reclamación presentada por **AVELINO PALMOU LOPEZ**, rexistro 12 Decembro nº 5080, que se engade a anterior con rexistro N° 2288 de 23 de Maio, en nome e representación de **MAIS ESCOLA XXI,SL**, adxudicataria do servizo do “PROGRAMA LUIDICO-RECREATIVO”, no que sostén que desde Setembro de 2017 se fai cargo da recollida dos nenos nos seus centros de ensinanza ata o CEIP – *canguraxe*-, coa emisión da correspondente factura que lle abona o Concello, do que deduce que se lle debe aboar tamén o período entre Setembro do 2015 (Data adxudicación Programa Lúdico-Recreativo) e Agosto do 2017, por importe de 13.800 €, en que tamén desenvolveu ese servizo. Tal reclamación foi desestimada en acordo da XGL de 25 de Xuño de 2018, que forma parte integrante da argumentación actual.

CONSIDERANDO que, efectivamente, é adxudicatario dos dous servizos, o Lúdico Recreativo desde Setembro 2015 e do de “*Canguraxe*” desde Setembro do 2017, a reclamación deste último con efectos retroactivos ata o 2015 resulta claramente improcedente, xa que non existiu contrato algún entre as partes por ese período. Antes, o contrario, o Concello decidiu adxudicar o servizo de “*Canguraxe*” en Setembro do 2017, data na que comeza a súa obriga legal de pago, non antes, no prazo que pretende o reclamante. En síntese, entre Setembro do 2015 (Data adxudicación Programa Lúdico-Recreativo) e Agosto do 2017 non existiu adxudicación/contratación dese servizo, nen sequera –feito probado e ilustrativo- reclamación algunha de MAIS ESCOLA XXI durante eses dous anos.

TENDO EN CONTA, en síntese, que a empresa considera na súa última reclamación –de 12 Decembro-, aínda que recoñece que non está avalada documentalmente, que se basea en que si que existiría un acordo verbal que xustificaría a mesma, o cal redunda na tese de *enriquecemento inxusto* do Concello que demanda se lle aplique. Tal argumentación é moi inconsistente, xa que non estamos diante dun suposto de *enriquecemento inxusto* da Administración, como alega, senón dun cumprimento contractual que a empresa interpreta “a súa maneira”, subxectivamente, terxiversando os feitos e datos, para reclamar un sobrecuste, de todo punto inadmisibile. O prezo contractual só pode modificarse seguindo os procedementos, moi estritos, de revisión fixados na Lei de Contratos. A maior abundamento, hai que lembrar a prerrogativa da Administración para interpretar o mesmo, segundo a Lei Contratos do Sector Público, diante da posibilidade de calquera dúbida, que se rexeita, como se leva expoñendo.

Mais aínda, e para concluír, si MAIS ESCOLA se atopara realmente na situación que describe, deberá recorrer as posibilidades recoñecidas legalmente de rescisión unilateral do contrato por imposibilidade da súa prestación. Non pode reclamar que se lle pague esas cantidades, que non admite o Concello, ao non existir base sólida algunha, pero si podería e debería, en lóxica consecuencia, renunciar ou desistir, seguindo os trámites da LCSP e lexislación concordante, xa que sostén que o servizo lle resulta deficitario.

Por unanimidade, se acorda:

- **DESESTIMAR** a reclamación presentada por AVELINO PALMOU LOPEZ, rexistro N° 2288 de 23 de Maio, en nome e representación de MAIS ESCOLA XX1,SL, adxudicataria do servizo do “PROGRAMA LUIDICO-RECREATIVO”, en base a que entre Setembro do 2015 (Data adxudicación Programa Lúdico-Recreativo) e Agosto do 2017 (Adxudicación “*Canguraxe*”) non existiu adxudicación/contratación dese servizo, e, nen sequera –feito probado e ilustrativo-, reclamación algunha de MAIS ESCOLA XXI, sendo inadmisibles os seus razoamentos do último escrito de 12 Decembro 2018, nos que, en todo caso, está plantexando un suposto de imposibilidade de prestación do servizo, polo que debería, no seu caso, renunciar ao mesmo, seguindo os trámites de LCSP.

3º.- SERVIZOS SOCIAIS.

3.1.- Expte. 39/2019. Solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de M.J. I.G.

Dase conta do informe social elaborado por M^a Celia González Peteiro, Traballadora Social do Concello, asinado de data 10 de xaneiro de 2019, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
M.J.I.G.	-----

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, a M.J.I.G. segundo informe da Traballadora Social, asinado en data 10 de xaneiro de 2019.

3.2.- Expte. s/n. Solicitud de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de M.M.F.

Dase conta do informe social elaborado por M^a Celia González Peteiro, Traballadora Social do Concello, asinado de data 10 de xaneiro de 2019, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
M.M.F.	-----

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda a alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, a M.M.F. segundo informe da Traballadora Social, asinado en data 10 de xaneiro de 2019.

4º.- URBANISMO.

4.1.- Expte. 58/2017. Ampliación de explotación de porcos de ceba (Proxecto modificado). Sebastián Castro Sanmartín

Vista a solicitude de licenza, presentada por Sebastián Castro Sanmartín , rexistro de entrada 2018-E-RC-4956 e 2018-E-RC-4911, de datas 30/11/2018 e 26/11/2018, para Ampliación de explotación de porcos de ceba (Proxecto modificado) na parcela con Referencia catastral 36052G507005530000RU, no paraxe A Chousa Grande, parroquia de Ponte (Silleda).

Visto o informe emitido o 09 de xaneiro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

<i>"Solicitante</i>	<i>Sebastián Castro Sanmartín</i>		
<i>Data de rexistro</i>	<i>30.NOV.2018</i>	<i>Nº 2018-E-RC-4956</i>	<i>Expediente 58/2017</i>
	<i>26.NOV.2018</i>	<i>2018-E-RC-4911</i>	
<i>Solicitud</i>	<i>Ampliación de explotación de porcos de ceba (Proxecto modificado)</i>		
<i>Tipo de Solicitud</i>	<i>Obra Maior</i>	<i>Superficie construída: 1115,69 m2</i>	
<i>Emprazamento</i>	<i>A Chousa Grande, Ponte</i>		
<i>Referencia catastral</i>	<i>36052G507005530000RU</i>	<i>Coordenadas UTM 29 ETRS89:</i>	
<i>Parcela rexistral</i>	<i>n/d</i>	<i>X: 562833.87 m E Y: 4729205.39 m N</i>	

Clase de solo Solo rústico de especial protección agropecuaria
Superficie Catastro: 7.673 m²
Autor do Proxecto Raúl Sotelo Cabral, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1.606
Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 20/11/2018, nº PO-20170177 - MODIFICADO
Dirección de Obra n/d
Dirección de Execución n/d
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.) 73.162,73 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamente de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 11 Planeamento do Concello de Silleda
- 11.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 11.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 11.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 11.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 11.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 11.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 11.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 11.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 11.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 11.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 11.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 12 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Sebastián Castro Sanmartín, presentada con R.E. 2018-E-RC-4956 de 30.NOV.2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Raúl Sotelo Cabral, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1.606 e xustificante de pago de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico de especial protección agropecuaria. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 11.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Ampliación de explotación de porcos de ceba (Proxecto modificado), está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. Sobre a parcela existen unha construción que conta con recoñecemento en Xunta de Goberno Local de 31 e marzo de 2004, destinada a granxa, de 131,44 m². O conxunto das construcións responden ao seguinte cadro de superficies:

Edificación	Superficie	Suma
<u>Edificacións sobre rasante</u>		
Nave existente 1	845,6	
Almacén	17,76	
Lazareto	13,69	
Nave existente 2	131,44	
Nave Nova	105	1113,49 m ²
<u>Foxas de xurro</u>		
Foxa de xurro 1	62	
Foxa de xurro 2	30	
Foxa de xurro nova	328,95	420,95 m ²
Suma edificacións existentes	1100,49	
Suma edificacións novas	433,95	
TOTAL		1534,44 m ²

6. Con respecto ao proxecto que tivo licenza o catro de decembro de dous mil dezasete, nesta modificación redúcese a superficie da nave nova nave, pasando de 595,4 m² a 105 m².

7. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

8. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
--	--------

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a

SI

SI

menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

SI

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

SI

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

SI

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

SI

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

SI

- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

SI

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis

SI

próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes: As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

SI

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

35.1.h)

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

SI

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

SI

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

SI

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Non procede

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

9. Segundo a disposición Transitoria Décimo cuarta "Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes" da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e na Disposición transitoria terceira "Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

(...)

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

9.1 A explotación conta con recoñecemento das edificacións, tramitado consonte á Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e a Circular Informativa 1/2003, de 31 de xullo, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de

Galicia; documentación obrante neste departamento técnico de Urbanismo, vías e obras, mediante acordo de xunta de goberno local do día 31 de marzo de 2004, polo que se recoñecen as seguintes edificacións:

9.1.1 Edificación destinada a **granxa**, cunha superficie construída total de 131,44 m2 en planta baixa.

9.2 Na documentación técnica xustifícase axeitadamente o punto 3 da Disposición transitoria terceira. “Desenvolvemento da disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia” do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

Sen prexuízo do disposto nos dous números anteriores, as explotacións agrogandeiras existentes o 1 de xaneiro de 2003, que se proxecten ampliar en máis dun 50 % do volume orixinario nesa data, sempre poderán acollerse ao réxime ordinario establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, tendo en conta que o disposto na letra g) do citado artigo so será aplicable ás novas explotacións gandeiras.

10. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental.

11. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	7.673	2000	3000	SI
Altura de cornixa	3,50 m	7,00 m	7,00	SI
Ocupación máxima	20,00%	20%	20%	SI
Superficie ocupada en planta	1536,64			SI
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	SI
Recuamento a lindeiros	>5m	5 m	5 m	SI
Separación a vía pública	>4m	4 m	4 m	SI
Acceso rodado	SI	SI	SI	SI

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

14. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

15. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **tratamento de augas**

16. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

18. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

18.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

18.1.1 O solicitante aporta copia da resolución emitida por este servizo o 30 de maio de 2017 (r.s. 55412/ RX 841621 de 01/06/2017).

19. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

19.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

19.1.1 O promotor aporta copia da RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DA AMPLIACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN PORCINA, EN ROSENDE, NO CONCELLO DE SILLEDAS, PROMOVIDA POR SEBASTIÁN CASTRO SANMARTÍN (EXPEDIENTE PO/2017/051), con rexistro de entrada 3475 de 02.AGO.2017. Considerase que esta resolución é tamén válida para este proxecto modificado, posto que se trata de menores dimensións e número de cabezas menor. Por outra banda, o incremento de cabezas non supera o Grupo primeiro do Real Decreto 324/2000

20. Por outra banda, o promotor presentou, con rexistro de entrada 2018-E-RC-4911 de 26.NOV.2018, solicitude de compensación do ICIO abonado provisionalmente por valor de 2,743,81 €, mentres que coa, mentres que coa modificación o valor é de 1.706,16€, mentres que coa. Por tanto, a diferenza do ICIO sería de 1.037,65€, mentres que coa a favor do solicitante.

	PROXECTO ORIGINAL (A)	PROXECTO MODIFICADO (B)
1 IMPOSTO: CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (I.C.I.O.)*		
TAXA.....:		
PRESUPOSTO SEGÚN:		
Apreciación do interesado:	119.280,34 €	73.162,73 €
Outros Conceptos:	0,00 €	0,00 €
Tipo de Gravame: 2,25% Presuposto:	2.683,81 €	1.646,16 €
Taxas Licenzas Urbanísticas:		
Total a ingresar por I.C.I.O.:	2.683,81 €	1.646,16 €
2 Informe Técnico:	60,00 €	60,00 €
3 TOTAL A INGRESAR (1+ 2)	2.743,81 €	1.706,16 €
4 A Compensar (A3- B3)		1.037,65

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de explotación de porcos de ceba (Proxecto modificado) solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

Infórmase tamén favorablemente a compensación da liquidación provisional do ICIO solicitada polo dicente o escrito de 26.NOV.2018 (punto 20 deste informe técnico).

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 9 de xaneiro de 2019.

Documento asinado electrónicamente por Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a SEBASTIÁN CASTRO SANMARTÍN para ampliación de explotación de porcos de ceba (Proxecto modificado) na parcela con Referencia catastral 36052G507005530000RU, no paraxe A Chousa Grande, parroquia de Ponte (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
3. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

Segundo.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

4.2.- Expte. 1892/18. Licenza de Obra Menor. Reconstrucción de muro tradicional de pedra.

Vista a solicitude do Concello de Silleda para a reconstrucción do muro tradicional de pedra que envolve a Casa de Trasfontao, que se desplomou en pasadas datas durante os traballos de desbroce de pistas forestais.

Visto o informe emitido o 10 de xaneiro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante Concello de Silleda
Data de rexistro N° Expediente 1892/2018
Obra Reconstrución de muro tradicional de pedra
Tipo de obra Menor
Emprazamento Trasfontao, Silleda
Referencia catastral 36052K508006900000EZ
Orzamento declarado 11.740,00 € Orzamento comprobado

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 9 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 12 Planeamento do Concello de Silleda
- 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981
- 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 12.8 .P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1 Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude do Concello de Silleda para a reconstrución do muro tradicional de pedra que envolve a Casa de Trasfontao, que se desplomou en pasadas datas durante os traballos de desbroce de pistas forestais.

2 A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

3 De acordo coa normativa vixente a obra solicitada considérase como **Menor**.

4 O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo**

rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Reconstrución de muro tradicional de pedra**, está clasificado como **solo rústico de protección do patrimonio cultural**.

5 A edificación encóntrase nun recinto catalogado no nomeado plan, aprobado provisoriamente, como “Ámbito protexido”, e o ámbito desta finca está catalogado na ficha 30.03, que se xunta como anexo. Por outra parte, forman un conxunto de singular valor o propio Pazo de Trasfontao, un hórreo e un pombal, xunto con outras edificacións de menor valor pero que forman un conxunto destacable, que se recollen, as principais, nas fichas que se xuntan como anexo; e polo tanto deberase solicitar informe á Consellería de Cultura segundo o Artigo 198. Alcance dos catálogos do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: “(...) 2. A aprobación inicial dos catálogos urbanísticos determinará, en relación cos bens e demais elementos que sexan obxecto de catalogación, a necesidade de sometemento ao correspondente informe do órgano sectorial competente na materia, para a concesión de títulos habilitantes de obras e usos nos elementos catalogados e nos seus contornos de protección e zonas de amortecemento.” A finca en si tamén é tanxente có trazado da Vía da Prata.

Ficha	Elemento	Grao de protección
30.02	Capela do Pazo de Trasfontao	Integral
30.03	Pazo de Trasfontao	Integral
30.43	Pombal do Pazo de Trasfontao	Estructural
30.47	Hórreo do Pazo de Trasfontao	Integral
30.53	Castiñeiro centenario	Integral

6 As obras que se pretender realizar consistirán, segundo se manifesta na solicitude, en Reconstrución de muro tradicional de pedra, que se engloban nas obrigas de conservación e mantemento das edificación por parte dos propietarios que recolle o artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Neste sentido, o artigo 317.5.c (en SNR Histórico- Tradicional) e 324.5.c (en SNR Común) do planeamento aprobado inicialmente, establece que “Salvo en casos debidamente xustificadas e previa autorización preceptiva do Concello, o material preferente a utilizar na terminación da cubrición será a tella de cerámica”. Cómpre sinalar que a lexislación vixente obriga ao acabado en tella curva das cubertas.

7 As obras consistirán exclusivamente na Reconstrución de muro tradicional de pedra para a conservación do inmovible, co fin de manter o aspecto estético, a funcionalidade e a boa imaxe construtiva do edificio, có mantemento do uso preexistente.

8 Non dificultará o acceso a fincas, locais ou predios colindantes e garantirase a total seguridade do paso peonil e rodado.

9 O artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, establece en que casos o promotor ten que designar un coordinador de seguridade e saúde. Dos datos aportados na solicitude non se pode determinar se na execución da obra interveñen mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, casos nos que sería precisa a designación do coordinador por parte do promotor. En consecuencia, no momento que se produzan os supostos antes indicados, a obra deberá de contar cun técnico director e coordinador dos traballos que se pretenden, dados os riscos que deles se derivan para os traballadores e os usuarios da vía pública.

10 En calquera caso, segundo o artigo 18 do R.D. 1627/1997, deberase dar aviso previo á autoridade laboral competente antes do inicio dos traballos.

11 Instalacións de aparellos elevadores (grúas torres): Non se manifesta na solicitude a necesidade de instalación de grúa torre para a realización das obras. No caso de ser precisa, deberá aportarse a documentación esixida na normativa de aplicación en materia (R.D. 2297/85, de 8 de Novembro; R.D. 836/2003, do 27 de Xuño; Orde do 13 de Maio de 1987 da Consellería de Traballo, Industria e Turismo e Decreto 204/94, do 16 de Xuño, entre outros).

12 Deberá cumprirse o establecido no Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión de residuos da construción e demolición, e en particular: a xestión e retirada de materiais sobrantes a vertedoiros autorizados.

13 Os elementos auxiliares da construción montaranse, instalaranse e manteranse conforme as disposicións vixentes de seguridade no traballo, de tal forma que se evite todo perigo tanto para os operarios, tránsito ou bens.

14 Polo que respecta á delimitación de responsabilidades, os deterioros dos servizos urbanos ou calesquera producidos como consecuencia das obras realizadas, serán responsabilidade do promotor das obras.

15 No escrito presentado non consta solicitude de permiso para a OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA; no caso de ser necesario deberá solicitarse no Concello de Silleda, antes do comenzo das obras.

16 De acordo coa valoración levada a cabo polos Servizos Técnicos municipais considérase axeitado o orzamento dos traballos sinalado polo solicitante.

17 Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

18 Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, previa concesión de licenza municipal, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

18.1 Secretaría Xeral de Cultura da Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades da Via da Prata. Consta no expediente autorización do citado organismo, asinada o día 18 de decembro de 2018 e remitida con rexistro de saída 95620/RX1854586 de 20/12/2018, que tivo entrada neste Concello o día 21 de decembro de 2018, nº 5199.

Por todo o expresado, infórmase favorablemente a solicitude de concesión da licenza de obra solicitada, con subxección ás anteriores determinacións."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- Prestar aprobación a licenza de obra menor para a reconstrución do muro tradicional de pedra que envolve a Casa de Trasfontao (Trasfontao-Silleda), que se desplomou en pasadas datas durante os traballos de desbroce de pistas forestais.

5º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

5.1.- Expte. G 2423/2018. Escrito de **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-664, de data 16 de febreiro de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra MELLORA DE VIAIS EN SAIDRES E ANSEMIL - SILLEDADA, por importe de **3.281,57 €**.

VISTO que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 10 de xaneiro de 2019 emítase o seguinte informe:

"Solicitante CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
Data de rexistro 16.feb.2018 Nº 2018-E-RC-664 Expediente G 2423/2018
Emprazamento Saidres-Ansmiel
Referencia catastral
ASUNTO: Devolución de aval

INFORME:

1. Consta no expediente acta de recepción de obra asinada o día 22 de decembro de 2018, por tanto, os prazos de garantía legalmente establecidos estarían superados no momento da solicitude de devolución de aval.

2. Porén, efectuada visita de inspección o día 22 de novembro de 2018, apréciase que as obras executadas están un bo estado, salvo vicios ocultos.

3. Non consta nesta oficina técnica de vías e obras, escrito algún ou expediente de reclamación sobre algunha eventual incidencia desta obra.

4. Por tanto, estímase conveniente a devolución do aval depositado polo contratista”.

VISTO que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada, logo da revisión do Arquitecto.

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, correspondente a obra MELLORA DE VIAIS EN SAIDRES E ANSEMIL - SILLEDA, por importe de **3.281,57 €**, nº 8200/00910 do Banco Pastor, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

6º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

6.1.- Dase conta da prospota da Alcaldía, de data 10 de xaneiro de 2019, que transcríbese a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.f da lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das bases do Réxime Local,

Vista problemática existente coa invasión que está a acaecer coa presenza da avespa asiática chamada velutina que afecta tanto á apicultura coma a sectores tan importantes en Silleda como a agricultura e fruticultura.

Visto que o seu comportamento tamén está a afectar a seguridade cidadá con infinidade de ataques ás persoas con resultados de morte.

Visto que, todas as accións para combatilas son imprescindibles

Esta alcaldía propón á Xunta de Goberno se tomen os seguintes acordos.:

1º.- A aprobación do Programa titulado, **SILLEDA CONTRA A AVESPA VELUTINA** segundo os téminos que se adxuntan na Memoria. anexa.

2º.- Aprobar como gasto para o desenvolvemento do Programa, a cantidade de 1.669,60 € segundo o desglose que figura na Memoria devandita.

3º.- Solicitar nas institucións, empresas e asociacións as colaboracións pertinentes.

4º.- Dar traslado dos acordos que se tomen á Intervención e ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

PROGRAMA: SILLEDA CONTRA A VESPA VELUTINA

PROGRAMACIÓN:

CHARLAS : **9 DE MARZO: SILLEDA E LARO**
 16 DE MARZO: A BANDEIRA E CIRA

LUGARES: SILLEDA, LARO, A BANDEIRA E CIRA
CHARLAS: (Duración 2 horas aproximadamente)
9 DE MARZO
SILLEDA DE 18:00 h a 20:00 h na Casa da Cultura
LARO DE 20:00 h a 22:00 h no Centro Social
16 DE MARZO
A BANDEIRA de 18:00 h a 20:00 h no Centro Cultural
CIRA de 20:00 h a 22:00 h no Centro Social - Auditorio

CONFERENCIANTE: JOSÉ MARIA BELLO de AGA(Asoc. Galega de Apicultura.
DESTINATARIOS: PÚBLICO EN XERAL INTERESADO. APICULTORES EN PARTICULAR.
OBXECTIVO: INFORMATIVO, O TRAMPEO, A DEFENSA ORGANIZADA
COLABORACIÓN DO CONCELLO:

CREACIÓN DE OFICINA DE ATENCIÓN AO AFECTADO,
(Concellería do Medio Ambiente)

Charlas por especialistas.
Posta en marcha de Trampeos
Aportación de Material e Líquido atrainte,
Buzoneo municipal de folleto informativo.

ANOTACIÓN DE AFECTADOS PUNTUAIS
DENUNCIAS
CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN DE AFECTADOS.

CUSTOS:

Charla: 150 + IVE
Trampas: 4 €/ud(trampas comerciais, non caseiras)
Ingredientes: 5 €/ trampa campaña(8 doses).

ORZAMENTO:

CHARLAS:	600+ive	726,00€
75 Trampas.....		300,00(Iva incluído)
75 packs Líquido.....		375,00(iva incluído)
Buzoneo (3840 envíos a 0,07).....		268.80 €
Carteis.....		0,0 €
Folletos.....		0,0 €
TOTAL.....		1.669,80 €”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

6.2.- Expte. 63/2019. Liña 3

Dase conta da prospota da Alcaldía, de data 09 de xaneiro de 2019, que transcríbese a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.f da lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das bases do Réxime Local,

Vistas as Bases Reguladoras do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS(PLAN DE CONCELLOS) 2019, publicado no BOPPO en data 18 de decembro de 2018 (N° 242).

Visto que, segundo notificación da presidencia da Deputación e a tenor do contido das mesmas Bases, a cantidade a asignar ao Concello para a liña 3 é de 174.138,52 €

Esta alcaldía propón á Xunta de Goberno se tomen os seguintes acordos.:

1º.- Solicitar, ao abeiro desta convocatoria, para a súa inclusión na Liña 3: Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, as seguintes contratacións:

Nºtraballadores	Posto Traballo (Categoría Profesional)	Xornada Laboral	Duración do contrato	Importe total
1	Animador/a Sociocultural	Completa	10 meses	15.560,00
3	Péons Varredores	Completa	10 meses	47.788,20
4	Peóns Xardineiros	Completa	10 meses	63.717,60
2	Peóns Albanel	Completa	10 meses	31.858,80
1	Péon Limpeza Edifícios Públicos	Completa	10 meses	15.929,40
TOTAL				174.854,00€

Total nº de traballadores: 11 traballadores

Total Orzamento: 174.854,00 €

2º.- Solicitar para o seu financiamento a subvención establecida de 174.138,52 € con cargo ao PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2018, publicado no BOPPO en data 18 de decembro de 2018 (nº 242) comprometéndose a asumir a diferenza de 715,48 €, cifra esta que supera á subvención concedida.

3º.- Dar traslado dos acordos que se tomen á Intervención e ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

7º.- EXPTE. 38/2019. APROBACIÓN DE PLIEGOS. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019).

Visto que o obxecto do contrato é a contratación, por procedemento aberto das obras **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)**.

Visto o informe emitido polo Secretario, asinado en data 10 de xaneiro de 2.019.

Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, asinado en data 10 de xaneiro de 2.019.

Vistos o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas da contratación das obras **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)**.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto, das obras de **MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019 - PLAN CONCELLOS 2019 (ANUALIDADE 2019)**, cun orzamento base de Licitación de:

O valor **estimado do contrato** ascende á contía de 404.431,03 € euros (IVE excluído); (o IVE ascende a 84.930,52 €).

SEGUNDO.- A adxudicación deste contrato queda condicionada á existencia de crédito orzamentario do exercicio 2019

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que constan no expediente 38/2019 de Gestiona.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 10 de xaneiro de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga